

DESCRIPCIÓN E OBXECTIVOS



Axudas dirixidas ás microempresas, pequenas e medianas empresas galegas así como ás entidades do terceiro sector de acción social destinadas ao financiamento de servizos externos de apoio á innovación.

Diferéncianse tres tipos de bonos de que se agrupan nas seguintes liñas:

Liña 1

Bonos á protección da innovación, xestión da innovación e vixilancia tecnolóxica, así como accións estratéxicas para desenvolver novos produtos, procesos ou servizos.

Poden incluír calquera acción e custo dos seguintes:

- Costos da protección do coñecemento da innovación industrial nas empresas
- Costos da mellora na xestión da innovación e vixilancia tecnolóxica : implantación de sistemas de xestión e organización da innovación e estudos de vixilancia e estado da arte
- Costos das accións estratéxicas para desenvolver novos produtos, procesos e servizos . Entre as actividades subvencionadas inclúense:
 - Estudos de viabilidade tecnolóxica e industrial
 - Deseño de produtos e servizos: concepción e desenvolvemento de novos produtos ou servizos, incluídas experiencias, que se perciban no mercado como novos ou, no caso de redeseño dos xa existentes, que se aprecie unha mellora substancial.
 - Accións para levar a mercado ou implantar os resultados da actividade de I+D+i tales como: estudos de mercado, ensaios, validacións e teste de produtos ou servizos.

Liña 2

Bonos para xestión do financiamento da innovación contratadas cos axentes da innovación, encamiñadas á:

Tipo A:

Tramitación de incentivos fiscais á I+D+i e bonificacións da seguridade social de persoal investigador que conduran á obtención da cualificación fiscal para a solicitude do informe motivado vinculante correspondente ao exercicio fiscal 2022.

Inclúense como custos subvencionables das certificadoras acreditadas por ENAC, necesarias para ambos trámites, así como consultarías e servizos profesionais de apoio para a súa tramitación.

Tipo B:

Tramitación de presentación de axudas de I+D+i estatais, europeas e internacionais de tipo individual ou cooperativo.



Serán subvencionables os custos efectuados desde a data de presentación da solicitude ata o 6 de outubro de 2023



Dotación orzamentaria da convocatoria: 750.000€



Subvención (non suxeita a minimis)

INTENSIDADE DA AXUDA

Modalidade bonos	Investimentos	Subvención	Intensidade
Liña 1: Apoio á innovación	de 15.000 ata 50.000€	de 7.500 ata 35.000€	Con carácter xeral: 70% Custos de protección de coñecemento: 50%
Liña 2: Tramitación do financiamento da innovación	sen límite	Máximo 5.000€	70%

Organismo xestor:
Axencia Galega de Innovación
Tipo de apoio:
Axuda a fondo perdido
Código do procedemento:
IN848F

Data de publicación DOG:
9/02/2023
Prazo de presentación:
Ata 10/04/2023
Presentación de solicitudes:
sede.xunta.gal

Máis información:
981 957 017 / 881 999 121
881 999 162
servizos.gain@xunta.gal
<http://gain.xunta.gal>